

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez González, Susana
Ayán Pérez, Carlos Luis
Couce Fortúnez, M^a Delfina (presidenta)
Fariña Rivera, Francisca
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Romo Pérez, Vicente
Velo Fernández, Óscar
Villanueva Martínez, Antonio

DESCULPA ASISTENCIA

Garriga Domínguez, Ana (DPD)

Acta da sesión de constitución do **Comité de Ética para a Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente** (CEISHMA) da Universidade de Vigo do día 9 de febreiro de dous mil vinte e dous, convocada para as 10:30 horas en primeira convocatoria, e ás 11:00 horas en segunda convocatoria na Sala 9 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Coa asistencia das persoas indicadas á marxe, ás 11:00 horas dá comezo a xuntanza do Comité de Ética para a Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente (CEISHMA), presidida por dona María Delfina Couce Fortúnez, co obxecto de tratar os puntos incluídos na orde do día.

Punto primeiro. Constitución do Comité de Ética de Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente.

Presentes os membros arriba indicados, e habendo quórum suficiente para a celebración da sesión e para a adopción válida de acordos, constitúese formalmente o CEISHMA, quedando pendente de elixir á persoa que ocupará a secretaría, que se tratará no punto seguinte.

Punto segundo. Elección do/a secretario do CEISHMA.

Lémbbraselle aos membros que o acordo de 22 de decembro de 2021 do Consello de Goberno no que se aproba o Regulamento do CEISHMA e se nomean os seus membros unicamente lle outorga a ela nominativamente as funcións de presidencia. Como non se indica quen deba desenvolver as funcións de secretario/a e o artigo 5.1 do Regulamento prevé o será calquera dos restantes membros (sen ningún tipo de esixencia ou requisito) debe ser o propio CEISHMA quen o elixa nesta sesión constitutiva.

A presidenta pregunta aos membros se alguén se postula como candidato/a.

Propónse a Óscar Velo Fernández, sendo elixido por asentimento como secretario/a do órgano colexiado, quen asinará en tal condición a acta desta sesión e pasará a desempeñar as súas funcións na xuntanza ordinaria convocada inmediatamente despois da finalización desta de constitución.

Punto terceiro. Elección das persoas suplentes de presidenta e secretario/a para os supostos nos que sexa procedente.

A presidenta lembra aos membros que o artigo 5.6 do Regulamento prevé que os membros deste órgano non poden delegar as súas funcións nin ser substituídos nas súas sesións. Agora ben, a continuación de menciona o réxime de suplencia para os supostos de ausencia, vacante, enfermidade, abstención ou recusación de presidenta e/ou secretario/a xa que ningún órgano colexiado se pode reunir sen a presenza destes ou das persoas que os substitúan en caso de que non poidan ou non deban intervir.

O CEISHMA acorda designar os/as seguintes suplentes:

- da presidenta, a dona Francisca Fariña Rivera
- e do secretario a don Vicente Romo Pérez.

Para os posibles de hipotéticos supostos de intervención tanto dos titulares como dos suplentes, propóñense como criterios para determinar os segundos suplentes:

- No caso da presidencia, o/a PDI de maior antigüidade
- No caso da secretaría, a menor idade.

Universidade de Vigo

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 horas do día 9 de febreiro de 2022, da que eu, como secretario, dou fe co visto e prace do presidente do Comité de Ética para a Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente.

A presidenta do CEISHMA

O secretario do CEISHMA

María Delfina Couce Fortúnez

Óscar Veloso Fernández